

Unidade 12: E ti, vés ou quedas?

Unidade 12, exercicio 1, parte A

-Ola Luís, que tal todo?

-Imos indo. E ti? Que tal foron as pescudas? Xa sabes o que vas facer na ponte do 25 de xullo?

-Si, xa o decidín. Ao final non vou ir ao balneario... Farei o de sempre: ir á praia.

-Pero Berta, sempre o mesmo! Mira que che gusta o sol, es coma os lagartos!

-A verdade é que si, pero desta volta cambio a costa atlántica pola do cantábrico, vou ir á mariña lucense, hoxe mesmo reservo o hotel en Foz porque, ó ser ponte, igual se o deixo para máis tarde non teño onde me aloxar! E ti, xa sabes onde vas ir?

-Nós de praia nada, imos ir á montaña, achegarémonos ao Courel. En principio pensabamos durmir nun albergue, pero á miña muller non a convencía a idea e xa reservou unha casa de turismo rural. Encántanos estar en contacto coa natureza!

-Uffff! A montaña non é o meu! Non aturo os bichos, sobre todo os mosquitos! E a calor sen a auga do mar... Alí non teredes onde vos bañar, seguro!

-Ai non oh! E logo os ríos? Asegúroche que nos bañaremos, e máis dunha vez!

-Que noxo! No río pode haber cobras e... sabe deus que outros animais!

-Vaia, e na praia tedes fanecas bravas, que as cobras aínda escapan pero... as picaduras deses peixes son criminais! Ou igual te peteira unha gaivota famenta, hahaha!

-Ti ri o que queiras pero... eu podo facer moitas máis cousas ca vós. Mira, voume relaxar tomando o sol, voume bañar e, á noite, vou facer unha ruta polas terrazas da vila, que seica poñen unhas tapas boísimas!

-Pero nós imos facer unha chea de actividades: sendeirismo, montaremos a cabalo, pasearemos en bicicleta... vai ser xenial! Non hai nada máis relaxante ca pasear polo monte e estar rodeado de árbores, plantas, o son dos ríos, dos paxaros... Iso si que é vida!

-Pero en Foz tamén podo practicar actividades acuáticas. Vou alugar canoas e lanchas de pedais, xogar coas pas...

-Hahaha! Berta, que nos coñecemos. Vas estar todo o día tirada na toalla menos cando te vaias mollar para te refrescar.

-Ti pensa o que queiras, xa falaremos á volta. Amais, que non cho dixeran, unha tardiña voume achegar ata Asturias para lles dar unha sorpresa a unhas amigas.

-Ai, mira que boa idea! Claro, en menos dunha hora xa te pos alá.

-Si, si, e seguro que lles vai facer moita ilusión. E a min tamén, o de andar dun lado para outro xa sabes que é o meu forte, sonche moi viaxeira! Pero, pola contra, o de ir para o monte... iso si que non, inda por riba non coñeces xente e, xa non falemos da marcha! Ou pensas que vas atopar no medio do Courel pubs e discotecas?

-É que non busco movida Berta, eu o que quero é gozar da tranquilidade do lugar. Preciso estar illado do mundo e non coma na praia, que é unha agonía o barullo que hai...

- Hai que ver, dicir que antes eras o máis festeiro do grupo...
- Son os anos Berta, deixa que... xa chegarás á miña idade! Xa me contarás!
- Hahaha!

Unidade 12, exercicio 6

- Polas noites, as pólas da camelia éñchense de paxariños.
- Non ves que vés mollado de arriba a abaixo?
- Nós non fomos nos primeiros días e xa non había tanta xente.
- O verán pasado subiron ao Pindo.
- O autobús que sae agora para Boiro para en Rianxo?
- Gustoulles máis a de Raquel ca a de Maruxa.
- Co barullo que hai non entendo o que din os do fondo.
- Coa cativa no colo e cos paraugas na man, non podo levar as mesmas bolsas ca os demais!
- Vas ir a fin de semana á Feira do Queixo de Arzúa?
- Isto non é o que che pedín. Así non o quero.

Unidade 12, exercicio 7

Ola fillo, non me lembrei de deixarche unha nota. Tes que ir mercar, así que colle papel e lapis, que nos coñecemos. Compra:

- deterxente para fregar o chan
- unha bola de pan máis grande ca a da cea de onte
- unhas pólas de pirixel (non o quero de bote, eh)
- Ah, non esquezas coller a torta na pastelería

Veña, unha aperta.